



Colexio Calasanz-PP.Escolapios



REGULAMENTO DE COMEDOR ESCOLAR

ARTIGO 1. NATUREZA E ESTABLECIMENTO DO SERVIZO.

O comedor escolar do Colexio Calasanz PP. Escolapios de A Coruña é un servizo complementario que establece a entidade titular do centro como instrumento educativo e de servizo ás familias, de carácter voluntario.

A utilización polos alumnos do servizo de comedor escolar rexeráse polas normas contempladas no presente regulamento.

ARTIGO 2. OBXECTIVOS DO SERVIZO DE COMEDOR

O comedor Escolar é un servizo educativo complementario que atende aos seguintes obxectivos:

2.1. Educación para a Saúde:

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta Educación para a Saúde.
- Poñer en práctica normas hixiénicas e sanitarias estudadas en clase, adquirindo hábitos de hixiene persoal antes, durante e despois das comidas.
- Manter un comportamento correcto na mesa.
- Iniciarse en hábitos alimentarios saudables apropiados á súa idade.
- Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
- Interesar ás familias nos beneficios que se poidan obter dunha colaboración conxunta cos Responsables do Comedor, tanto no referido á súa educación nutricional como ao desenvolvemento de hábitos saudables.
- Concienciar á familia nos patróns de conduta adquiridos no comedor do Centro Educativo e a importancia de continuar co eles no seu fogar.

2.2. Educación para a Convivencia:

- Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
- Espertar nos alumnos o espírito de cooperación, implicándoos, segundo as súas posibilidades, en tarefas de servizo de Comedor: poñer e retirar o servizo, axudar aos máis pequenos...
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia a todos os membros da Comunidade Escolar.
- Lograr un ambiente sen moito ruído, evitando berros e dialogando de forma distendida.
- Coidar e respectar os locais, mobiliarios e utensilios de uso común.

2.3. Educación para o Ocio:

- Crear hábitos e proporcionar estratexias para a utilización correcta do tempo libre.
- Planificar actividades de ocio e tempo libre que contribúan ao desenvolvemento harmónico da personalidade e ao fomento da participación, o compañeirismo, o respecto e a tolerancia.

ARTIGO 3. RÉXIME DE UTILIZACIÓN DO COMEDOR.

1.- A utilización do servizo complementario de comedor escolar supón a aceptación por parte dos usuarios do presente regulamento, e das cotas aprobadas polo Consello Escolar do Centro para o servizo.

2.-O servizo de comedor escolar comezará o primeiro día lectivo de setembro e rematará o último día lectivo do mes de xuño, de acordo co establecido no calendario escolar que aproba cada ano a administración educativa.

3.-Poden acollerse ao servizo de comedor escolar todos os alumnos matriculados no centro que así o soliciten e sempre que haxa prazas vacantes.

4.-Os alumnos do centro poderán utilizar o servizo de comedor

1. Por curso escolar
2. Por mes natural
3. De forma esporádica.

5.-Utilización por curso escolar. A inscrición no servizo de comedor escolar formalizarase durante o mes de setembro para o período de comedor de outubro a maio, a inscrición para os meses de xuño e setembro formalizarase durante o mes de maio ou ben no momento de formalizar a matrícula no centro para os alumnos novos, para o que se deberá cumprimentar a documentación que se establece no artigo 4º.

6.-Utilización por mes. Para a utilización do servizo de comedor escolar por meses completos presentarse solicitude coa suficiente antelación. Solicitarase a través do seguinte correo electrónico administración.coruna@escolapiosbetania.es informando do nome e curso do alumno e días de utilización do comedor, comunicación telefónica á administración do centro ou por anotación ao titor na axenda escolar. No suposto de insuficiencia de prazas terán prioridade en todo caso os alumnos usuarios do servizo durante todo o curso escolar.

7.-Utilización de forma esporádica. Poderán facer uso eventual do servizo de comedor escolar os alumnos que así o soliciten, sempre que haxa prazas vacantes. Para iso deberán comunicalo na Recepción do centro o día anterior ou o mesmo día do servizo, mediante vales que están a disposición dos usuarios na portería colexial, a través de axenda escolar en comunicación escrita ao/á titor/titora ou a través do seguinte correo electrónico administración.coruna@escolapiosbetania.es. A cota aboarase no acto, ou ben cargarase ao final de mes na conta corrente seleccionada polas familias.

8.-O horario do servizo de comedor estenderase dende a fin da xornada de mañá ata o comezo da xornada da tarde.

9.- MENÚS. O servizo de comedor escolar ofertará un único menú, coas únicas excepcións sinaladas no artigo 7º.

10.- O servizo de comedor poderá ser prestado por unha empresa concesionaria, contratada e seleccionada pola titularidade do centro.

11.- Os prezos do servizo de comedor escolar serán aprobados polo Consello Escolar a proposta da dirección do centro.

ARTIGO 4. INSCRIPCIÓN, MODIFICACIÓN E BAIXAS. LÍMITE DE PRAZAS.

a) INSCRIPCIÓN Todos os alumnos que desexen utilizar o servizo de comedor escolar por curso escolar deben solicitalo por escrito no formulario que se lles facilitará mediante circular, no prazo que

se indica. Informarase dos horarios e a información complementaria que proceda.

b) **CRITERIOS PREFERENCIAIS DE INSCRICIÓN** Dado o tamaño das instalacións e a súa dispoñibilidade, o número máximo de usuarios do servizo de comedor escolar será de 1.000 alumnos. No suposto de que as solicitudes superen o límite máximo de prazas dispoñibles, a admisión ao comedor rexeráse polos seguintes criterios preferenciais:

- Usuarios do servizo por curso escolar.
- Usuarios do servizo durante o curso anterior.
- Usuarios con irmáns no servizo.
- Fillos de traballadores do centro escolar que colaboren na vixilancia de alumnos de comedor.
- Resto de fillos de traballadores do centro.
- Pai e Nai traballadores fóra do fogar.
- Familia numerosa.
- Orde de inscrición no servizo.

c) **BAIXAS E MODIFICACIÓNS.** As baixas e modificacións da utilización do servizo deberán comunicarse na Administración do centro antes do día 30 do mes anterior a aquel no que van surtir efecto. En caso contrario aboaráse a mensuralidade correspondente íntegra. As baixas e modificacións no servizo formalizaranse a través do seguinte correo electrónico administración.coruna@escolapiosbetania.es informando do nome e curso do alumno ou comunicación telefónica á administración do centro.

d) **SUSPENSIÓN DO DEREITO DE ASISTENCIA AO COMEDOR POR RAZÓNS SANITARIAS**
Os alumnos absteranse de utilizar o servizo de comedor escolar en caso de padecer algunha enfermidade que se poida estender aos demais usuarios (varicela, gripe, hepatite A, etc.).

ARTIGO 5. DEREITOS E OBRIGAS DOS PAIS, NAIS OU TITORES DOS ALUMNOS USUARIOS.

1. Obrigas dos pais, nais ou titores.

- A) Cooperar no adecuado cumprimento das normas establecidas, respectando o presente regulamento.
- B) Fomentar nos seus fillos ou pupilos actitudes de colaboración, solidariedade e convivencia.
- C) Estar ao corrente dos pagos de cotas, e efectuar os mesmos mediante o sistema establecido pola titularidade do centro.
- D) Recoller con puntualidade aos seus fillos ou pupilos.
- E) Comunicar ao Centro, por escrito, as posibles alerxias alimentarias, intolerancias, réxime especial por razón dietética e calquera outra incidencia que poida afectar á correcta prestación do servizo.
- F) Comunicar con antelación suficiente as asistencias ao comedor, no caso de asistencia esporádica, e as ausencias ao mesmo, no caso de asistencia regular.
- G) Aportar roupa de recambio para os/as alumnos/as de Educación Infantil (4º E.I).

2. Dereitos ¹.

- A) Os pais, nais ou titores dos alumnos usuarios teñen dereito a coñecer coa debida antelación os menús que se servirán no comedor.
- B) Os pais, nais ou titores poderán realizar suxestións a través do correo electrónico administración.coruna@escolapiosbetania.es, así como tamén disporán de follas de reclamación.

Nomearase polo equipo directivo un responsable do servizo de comedor, co fin de coordinar e controlar o correcto funcionamento do servizo.

ARTIGO 6. DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS

Dentro do marco previsto no artigo 40 da Lei 17/2011, do 5 de xullo, de Seguridade Alimentaria e Nutrición.

1. A todos os usuarios do comedor escolar asístenlles os seguintes dereitos:

A) Recibir o menú escolar nas condicións establecidas neste regulamento.

B) Os alumnos usuarios do comedor estarán atendidos por monitores e/ou persoal do centro entre o remate da sesión matinal e o inicio da sesión da tarde.

2. Deberes dos usuarios do comedor

A) Comportarse de forma educada, respectando as instalacións, aos demais usuarios e atendendo ás recomendacións dos monitores.

B) Respectar as normas básicas de convivencia e observar unha conduta correcta na mesa.

C) Os usuarios do comedor non poderán abandonar o recinto escolar durante o período que media entre a sesión de clases da mañá e a da tarde, agás con autorización expresa e escrita dos seus pais en sentido contrario.

3. REGRAS DE COMPORTAMENTO NO COMEDOR ESCOLAR

A) A comida transcorrerá nun clima de orde e tranquilidade. As conversas que se desenvolvan durante a comida realizaranse nun ton habitual e sen berros, evitándose insultos e escándalos en xeral.

B) Aos alumnos de Educación Infantil serviránlles a comida e axudaranos os monitores. Os alumnos a partir de 1º curso de primaria recollerán a súa comida e devolverán as bandexas unha vez rematada a comida, encargándose de recoller todos os utensilios que se foran utilizado durante a comida, e clasificándoos se así se determina.

C) Os alumnos a partir do 5º curso de primaria terán a obriga de colaborar no servizo e orde da súa mesa.

D) Non se manipulará a comida coas mans nin se tirará ao chan, e os alumnos comportaranse na mesa con corrección.

E) Todos/as os/as alumnos/as probarán a comida de cadanseus pratos, non podendo levantarse do seu sitio e abandonar a mesa sen ter consumido os pratos.

F) Os alumnos non poderán tirar as sobras sen a previa revisión por parte dos monitores encargados.

G) Non está permitido saír con alimentos do comedor, nin preparar bocadillos con eles.

H) Os alumnos tratarán con educación ao persoal do comedor, así **como ao persoal docente que participen nas** tarefas de atención e coidado dos alumnos no servizo de comedor.

I) Os alumnos deberán respectar as normas hixiénicas básicas: lavar as mans antes da comida.

- J) Os alumnos están obrigados a coidar o material e as dependencias do centro, e os útiles do comedor.

ARTIGO 7. MENÚS OFERTADOS NO COMEDOR ESCOLAR.

1. O comedor escolar ofertará un único menú para todos os alumnos e alumnas usuarios do servizo de comedor escolar. A existencia dun menú único deberá ser comunicada ás familias no momento de inscrición no servizo de comedor.
2. A última semana de cada mes farase chegar ás familias o menú deseñado para o mes seguinte e publicarase na páxina web do colexio e no taboleiro de anuncios do colexio.
3. Establécense as seguintes excepcións ao citado menú único:

a) Dietas brandas por molestias gastrointestinais temporais: Para alumnos e alumnas con problemas gastrointestinais transitorios, baixo prescrición médica e avisando coa antelación debida na Conserxería do Centro, pola axenda escolar ou a través do correo electrónico administración.coruna@escolapiosbetania.es (antes das 10:00 horas).

b) Alumnos e alumnas con alerxias leves: Poderán facer uso normal do comedor, consumindo o menú establecido para todos os alumnos e alumnas usuarios do servizo, excepto os días nos que o menú inclúa algún dos compoñentes ao que son alérxicos, en cuxo caso disporán dun menú especial adaptado a esa intolerancia ou alerxia. Deben presentar o pertinente certificado médico na secretaría do Centro ao apuntar ao alumno ou alumna ao servizo de comedor.

Para o suposto de celíacos, o Centro garantirá menús alternativos.

c) Alumnos e alumnas alérxicos a determinados alimentos ou que padezan intolerancias que poidan afectar gravemente á súa saúde, ou calquera enfermidade ou trastorno importante que precise dunha alimentación específica:

A aceptación deste alumnado no servizo de comedor poderase facer tras a aceptación escrita da familia do alumno ou alumna dunha destas dúas opcións:

d.1. Mediante o abono dun suplemento específico que aprobe o Consello Escolar, derivado do custo adicional esixido polas condicións de preparación e conservación do menú específico requirido por este alumno.

d.2. En réxime de utilización do comedor para o consumo de menús proporcionados pola propia familia. Neste suposto, a familia aboará unha cota reducida, quedando o Centro obrigado a facilitar aos alumnos os medios de refrixeración e quecemento adecuados, de uso exclusivo para estas comidas, e a dispoñer dos medios de vixilancia necesarios para evitar que este alumnado poida inxerir alimentos do menú ordinario dos demais usuarios.

ARTIGO 8. ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS NO COMEDOR.

Unha vez coñecido un problema sanitario nun alumno ou alumna usuario do comedor que requira a administración de medicamentos antes, durante ou inmediatamente despois das comidas, o pai/nai/titor ou titora legal comunicarao por escrito asinado á persoa encargada da coordinación do

comedor, no que conste tanto o problema de saúde como a dose a subministrar e a forma de facelo.

Calquera medicación que o alumno ou alumna deba tomar mentres se atope no comedor escolar deberá ser entregada polo pai/nai/titor legal ao/á Coordinador/a do comedor do centro. A familia será responsable do control da vixencia do medicamento e da súa non caducidade, así como da súa correcta reposición en tempo e forma.

O medicamento irá acompañado dun escrito onde os pais solicitan e autorizan ao/á Coordinador/a do comedor a administrar o medicamento ao/á seu/súa fillo/a, indicando de forma clara a dose e a hora de administración, e eximindo ao responsable do comedor de calquera responsabilidade derivada da administración do mesmo. Só se administrará ao alumno ou alumna a medicación que corresponda, se se seguiu o procedemento descrito nos parágrafos anteriores.

A nota escrita e asinada, con correcta e suficiente identificación do pai/nai/titor ou titora, fillo/a, irá acompañada da prescrición médica.

Se un/unha alumno/a leva ao comedor un medicamento, seralle retirado inmediatamente polo responsable do comedor, quen se porá en comunicación co pai/nai/titor ou titora do alumno ou alumna, non se lle administrando ao alumno ou alumna a medicación retirada de non ter seguido o procedemento indicado.

ARTIGO 9. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E SANCIÓN

1) Considéranse **condutas contrarias á convivencia** o incumprimento de calquera das obrigas contempladas no presente Regulamento e no Regulamento de Réxime Interior. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse da seguinte maneira:

a) Son infraccións leves:

- Desobedecer levemente as indicacións dos monitores.
- Entrar ou saír do comedor de maneira desordenada.
- Cambiar de mesa sen permiso dos monitores.
- Levantarse do sitio sen causa xustificada.
- Facer ruído ou berrar.
- Entrar ao comedor con obxectos non permitidos.
- Faltar ao respecto levemente a outros alumnos.

b) Son infraccións graves:

- Desobedecer gravemente as indicacións dos monitores.
- Incumprir de maneira reiterada os horarios do comedor.
- Saír do comedor sen permiso dos monitores.
- Entrar na cociña.
- Faltar ao respecto, nas dependencias do comedor, a profesores, a monitores, ao persoal de cociña ou a outros alumnos.
- Deteriorar a propósito o material propio do comedor.
- Tirar intencionadamente comida ao chan ou a outros compañeiros.
- Saír do Centro sen permiso durante o horario de comedor.
- Os actos de indisciplina que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades de comedor.
- Reiteración de catro faltas leves no prazo de 30 días naturais.

c) Son infraccións moi graves:

- Deteriorar intencionada e gravemente as dependencias do centro ou o material do comedor.
- Realizar actuacións prexudiciais para a saúde.
- Calquera conduta que supoña unha agresión grave física ou psicolóxica a profesores, a monitores, ao persoal de cociña ou a outros alumnos.
- O incumprimento dunha sanción por falta grave.
- A comisión de dúas ou máis faltas graves nun prazo de 30 días naturais.

2) As **sancións** aplicables ás infraccións previstas no presente Regulamento son as seguintes:

a) Fronte ás infraccións leves:

- Amoestación verbal ao alumno.
- Separación temporal do seu grupo de referencia ou da súa mesa de comedor e integración noutro grupo ou mesa.
- Realización de tarefas **de comedor** relacionadas coa falta cometida.

Estas sancións poderán ser impostas polo profesor encargado do comedor.

b) Fronte ás infraccións graves:

- Calquera das contempladas para as infraccións leves.
- Amoestación por escrito ao alumno, con comunicación aos seus pais ou titores.
- Separación permanente do seu grupo de referencia ou da súa mesa de comedor.
- Separación dos restantes alumnos, durante un período non superior a 5 días.
- Expulsión temporal do comedor durante un período non superior a 5 días.
- Reparación dos danos causados.

Estas sancións serán impostas pola Coordinadora de Comedor e serán comunicadas aos pais ou titores, salvo que se trate dalgunha das previstas para as infraccións leves, que serán impostas polo profesor encargado do comedor e non requirirán comunicación aos pais ou titores.

c) Fronte ás infraccións moi graves:

- Calquera das contempladas para as infraccións graves.
- Expulsión temporal do servizo de comedor, de 6 días a 1 mes.
- Expulsión definitiva do servizo de comedor.

Corresponde a imposición destas sancións ao Equipo de xestión do centro, previa audiencia dos pais ou titores.

ARTIGO 10. PROCEDEMENTO DE IMPOSICIÓN DE SANCIÓN

10.1. Disposicións xerais:

1. Os alumnos non poderán ser sancionados por comportamentos que non sexan tipificados como infraccións no presente Regulamento ou no Regulamento de Réxime Interior do Centro.
2. En todo caso, as correccións terán carácter educativo e reparador.
3. As sancións aplicadas aos alumnos infractores en ningún caso poderán prexudicar a súa escolarización, nin se privará aos alumnos da ración completa de comida que está establecida no

menú.

4. Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física ou á súa dignidade.
5. A imposición das correccións respectará a proporcionalidade coa conduta do alumno.
6. No procedemento que sanciona deberá terse en conta a idade do alumno e as súas circunstancias persoais, familiares ou sociais, tanto para decidir a imposición ou non da sanción, como a efectos de graduar a aplicación da sanción.

10.2 Imposición das sancións

a) A imposición das sancións previstas para as infraccións leves non requiren da tramitación de ningún procedemento.

b) A imposición das sancións previstas para as infraccións graves, en tanto non consistan nas medidas correctoras previstas para as infraccións leves, tan só precisan da comunicación aos pais ou titores da imposición da sanción, que, no caso da expulsión temporal do comedor, se terá que facer con carácter previo á súa efectividade.

c) Para a imposición das sancións previstas para as infraccións moi graves seguirase o seguinte procedemento:

- I. Unha vez comunicada a infracción ao equipo directivo, este designará un instrutor que recolla información sobre o feito. O instrutor, recollida a información que estime conveniente, de considerar xustificada a imposición dunha sanción, trasladará a súa proposta de sanción ao director nun prazo non superior a tres días lectivos.
- II. Comunicarase por escrito aos pais e/ou titores os feitos cometidos, a infracción que se lle imputa ao alumno e a sanción proposta, a fin de que aleguen no prazo máximo de dous días lectivos o que estimen oportuno.
- III. O director imporá, no seu caso, a sanción correspondente, e comunicará á familia a decisión no prazo máximo de dous días lectivos a contar dende o fin do prazo sinalado no apartado anterior.
- IV. En tanto a dirección do centro resolva, poderán adoptarse cantas medidas provisionais se consideren oportunas para manter o bo funcionamento do servizo.
- V. O director poderá delegar nun membro do equipo directivo a competencia para impoñer as sancións contempladas no presente regulamento.

10.3 Rexistro de incidencias:

Existirá un libro de rexistro de incidencias relacionadas co comedor escolar, baixo a custodia do profesor encargado do comedor, no que quedarán anotadas as infraccións graves cometidas polos alumnos e as sancións impostas. En ningún caso quedarán anotadas as incidencias relativas a expedientes que non finalicen coa imposición de sanción.

10.4. As incidencias e o seu rexistro prescribirán ao finalizar o curso escolar.

ARTIGO 11. ACTUACIÓNS ANTE O IMPAGO DE RECIBOS

1.- Se a forma de pago do servizo de comedor é mediante domiciliación bancaria e se produce a devolución dun recibo domiciliado, a Administración do Centro comunicarlle aos pais ou titores do alumno para que, no prazo de 5 días, fagan efectivo o abono do recibo devolto.

Os gastos derivados da devolución de recibos sen pagar serán a cargo dos obrigados ao abono deses recibos.

2.- Se a forma de pago é mediante a entrega en efectivo e non se abona dentro do prazo fixado, a Administración do Centro informará aos pais ou tutores do alumno para que en 5 días fagan efectivo o abono da cota correspondente.

3.- En calquera dos casos sinalados nos artigos precedentes, apercibirase aos responsables do pago de que, se non se leva a cabo o abono dentro do prazo conferido, se dará de baixa ao alumno no servizo de comedor.

4.- Salvo que existan causas xustificativas que motiven o atraso, o non pagar un recibo será causa para dar de baixa o servizo a partir do transcurso do quinto día posterior á comunicación do impago.

5.- Aquel alumno que, por non pagar algún recibo do servizo de comedor, sexa dado de baixa, poderá volver a utilizar o servizo unha vez faga efectivas as cantidades adebedadas ata ese momento.

6.- Non poderá ser usuario do comedor o alumno ou alumna que ao comezo do mesmo non tivese pagados recibos de comedor do curso ou cursos anteriores.

ARTIGO 12. DEVOLUCIÓN TOTAL OU PARCIAL DE COTAS

1.-As altas e baixas do servizo formalizaranse de acordo co sinalado no artigo 4 b) deste Regulamento. Se a comunicación da baixa voluntaria se produce unha vez iniciado o mes no que se cesa voluntariamente na utilización do servizo, as cotas devindicadas correspondentes a ese mes non serán devoltas en ningún caso.

2.-As baixas temporais no servizo por ausencias orixinadas por enfermidade do alumno, pola participación do alumno en actividades escolares ou complementarias do propio centro, ben por calquera outra causa debidamente xustificada, deberán comunicarse por escrito e con carácter previo ao cese na utilización do servizo de comedor. Deste modo, non se devindicarán cantidades polo servizo de comedor a partir do día seguinte á data de efectividade da baixa temporal ou, no seu caso, a partir do día seguinte á comunicación por escrito se a ausencia se produce con anterioridade á comunicación.

3.-As cotas abonadas correspondentes ao período da baixa temporal serán devoltas ou compensadas co último recibo do curso escolar, ou ben ao rematar o servizo mensual correspondente ao mes de comunicación da baixa temporal.

As ausencias iguais ou inferiores a cinco días lectivos non xerarán en ningún caso dereito do usuario a obter a devolución de ningunha cantidade.

4.- Tanto no suposto de ausencia non xustificada como no de ausencia xustificada non comunicada, a baixa non será efectiva en tanto o Centro non reciba esa información e, polo tanto, seguirán devindicándose cotas polo servizo de comedor. Non obstante, procederase ausencia continuada non comunicada, con efectos dende o mes inmediatamente posterior á finalización dese prazo, previa comunicación aos pais ou tutores do alumno.

5.- En ningún caso serán devoltas as cotas xa abonadas, no suposto de que a suspensión do servizo de comedor o sexa por sanción imposta como corrección pola comisión dunha infracción prevista no

presente Regulamento ou no Regulamento de Réxime Interior do Centro. Do mesmo modo, en tanto persista a suspensión por sanción e salvo o suposto de expulsión definitiva do servizo de comedor, as cotas seguirán devindicándose na súa totalidade.

ARTIGO 13. UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR POR PERSOAL DO CENTRO.

O persoal do centro terá os dereitos de manutención que recoñeza en cada momento o Convenio Colectivo de aplicación.

ARTIGO 14. APROBACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO.

Proposta A)

1. O presente regulamento foi aprobado polo Equipo Directivo Educativo do centro con data
 2. A modificación do presente regulamento terá lugar con data do inicio do curso seguinte a aquel no que tivera lugar a modificación, salvo razóns xustificadas que serán postas en coñecemento da comunidade educativa.
-
- 1.- O presente regulamento foi aprobado polo Consello Escolar do Centro a proposta do titular o día
 - 2.- A modificación do presente regulamento levarase a cabo nas mesmas condicións establecidas para a súa aprobación. As modificacións terán lugar con data do inicio do curso seguinte a aquel no que tivera lugar a modificación, salvo acordo xustifico do Consello Escolar do centro.

AUTORIZACIÓN PARA ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN A ALUMNOS

D/D^a _____, maior de idade, titular do D.N.I. _____, con domicilio en _____, rúa _____, nai/pai/titor/a do/a alumno/a _____, que cursa estudos no ___ curso da etapa educativa de _____ no centro concertado Calasanz Escolapios de Coruña

EXPÓN,

PRIMEIRO.-Que o/a meu/miña fillo/a _____ foi diagnosticado/a de _____. [Adxúntase informe médico.](#)

SEGUNDO.-Que como consecuencia do anterior, o seu médico prescribiulle a seguinte medicación: _____.

TERCEIRO.- Que a medicación que lle foi prescrita debe ser administrada entre outras tomas coa comida, sendo o/a meu/miña fillo/a usuario/a do servizo de comedor escolar do centro.



CUARTO.-Que SOLICITA E AUTORIZA a que se proceda á administración da medicación, segundo se indica, por parte do persoal baixo cuxo coidado se atope o/a menor no comedor escolar, exonerando ao centro educativo da responsabilidade que poida orixinarse pola administración da medicación por parte de persoal non sanitario.



QUINTO.-Que me comprometo a facilitar ao centro a medicación sinalada no apartado segundo, e a renova-la nos supostos de caducidade e/ou remate do medicamento.

En _____, a _____ de _____ de 20____

Asdo. _____

AUTORIZACIÓN PARA SAÍR DO COMEDOR ALUMNOS DE ESO E BACH

	
Colegio Calasanz-PP.Escolapios	
Yo. D/Dña:.....con D.N.I nº.....	
Autorizo a:	
Mi hij@:....., a salir del Recinto Escolar en horario de comedor escolar.	
Y para que así conste y surta los efectos oportunos, firmo la presente en,	
A Coruña a,.....de..... de 2012.	
Firma del tutor, padre, madre.	

	
Colexio Calasanz-PP.Escolapios	
Eu. D/Dña:.....con D.N.I nº.....	
Autorizo a:	
Meu fill@:....., a sair do Recinto Escolar en horario de comedor escolar.	
E para que así conste e surta os efectos oportunos, asino a presente en,	
A Coruña a,.....de..... de 2012.	
Sinatura do titor, pai, nai,	